

Thomas Hobbes (S. XVI-XVII). Leviatán. A materia, forma e poder dun Estado eclesiástico e civil.
Capt. 13: Da condición natural da humanidade no concernente a súa felicidade e a súa miseria.

A natureza fixo aos homes tan iguais nas súas facultades de corpo e de alma, que aínda que poda atoparse en ocasións a homes fisicamente máis fortes ou mentalmente máis áxiles que outros, cando consideramos todo xunto, a diferenza entre home e home non é tan apreciable como para xustificar que o individuo reclame para si mesmo calquera beneficio que outro individuo non poda reclamar con igual dereito. Pero isto é unha proba máis de que os homes son, nese punto, máis iguais que desiguais. Desta igualdade nas facultades xurde unha igualdade na esperanza de conseguir os nosos fins. E, polo tanto, si dous homes desexan unha mesma cousa que non pode ser disfrutada por ambos, convértense en inimigos; e para lograr o seu fin, que é principalmente a súa propia conservación e, algunhas veces, só o seu deleite, empéñanse en destruírse e someterse mutuamente. O modo máis razoable de protexerse contra esa desconfianza que os homes se inspiran mutuamente é a previsión, isto é, controlar, xa sexa pola forza, xa con estrataxemas, a tantas persoas como sexa posible ate lograr que ninguén teña o poder suficiente para poñer en perigo o poder propio. Isto non é máis que procurar a autoconservación e está xeralmente permitido.

(...) Os homes non encontran pracer, senón, moi ao contrario, un gran sufrimento ao convivir con outros alí onde non hai un poder superior capaz de atemorizalos a todos. E entre os que non teñen un poder común que os controle pode chegarse ate a destrución mutua. De todo isto queda de manifesto que mentres os homes viven sen ser controlados por un poder común que os manteña atemorizados a todos, están nesa condición chamada guerra, guerra de cada home contra cada home. Pois a guerra non consiste soamente en batallas ou no acto de loitar, senón nun período no que a vontade de confrontación é suficientemente declarada. Polo tanto, todas as consecuencias que se derivan dos tempos de guerra, nos que cada home é inimigo de cada home, derívanse tamén dun tempo no que os homes viven sen ningunha outra seguridade que non sexa a que lle procura a súa propia forza e habilidade para conseguila. Nunha condición así, non hai lugar para o traballo, xa que o froito do mesmo preséntase como incerto; e consecuentemente, non hai cultivo da terra, non hai navegación e non hai uso de produtos que podan importarse por mar, non hai construción de vivendas, nin de instrumentos para mover e transportar obxectos que requiran a axuda dunha forza grande, non hai coñecemento en toda a face da terra, non hai cómputo do tempo, non hai artes, non hai letras, non hai sociedade. E o peor de todo, hai un constante medo e un constante perigo de perecer con morte violenta. E a vida do home é solitaria, pobre, desagradable, brutal e corta.

A quen non haxa ponderado estas cousas pode parecerlle estrano que a natureza separe deste modo aos homes e os predispón a invadirse e destruírse mutuamente e non fiándose deste razoamento deducido das paixóns quizais queira confirmalo recurrido á experiencia. Se é así que considere a súa propia conducta: cando vai emprender unha viaxe cóidase de ir armado e ben acompañado; cando vai durmir, atranca as portas e ate na súa casa pecha con candado os arcóns. E actúa deste xeito, aínda cando hai leis e axentes públicos armados que están preparados para vingar os danos que se lle fagan. ¿Cal é a opinión que este home ten dos seus próximos cando cabalga armado?, ¿cando atranca as portas?, ¿que opinión ten dos seus criados e dos seus fillos cando pecha con candados os arcóns?, ¿non está coas súas accións acusando á humanidade na mesma medida en que eu o fago coas miñas palabras?

(...) Pero aínda que non tivese existido ningunha época na que os individuos estaban nunha situación de guerra de todos contra todos, é un feito que en todas as épocas, os reis e as persoas que posúen unha autoridade soberana están a causa da súa independencia nunha situación de perenne desconfianza mutua, nun estado e disposición de gladiadores, apuntándose coas súas armas, mirándose fixamente, é dicir, coas súas fortalezas, guarnicións e canóns instalados nas fronteiras dos seus reinos espiando aos seus veciños constantemente en actitude belicosa.

(...) Desta guerra de cada home contra cada home dedúcese tamén isto: que nada pode ser inxusto. As nocións do moral e o inmoral, do xusto e o inxusto non teñen cabida alí. Onde non hai un poder común, non hai lei, e onde non hai lei, non hai inxustiza. A xustiza e a inxustiza refírense aos homes cando están en sociedade, non en soidade. Nunha situación así tampouco hai propiedade, nin dominio, nin un meu distinto do teu, senón que todo é do primeiro que pode agarralo e durante o tempo que poda conservalo.

E ate aquí o que se refire á mala condición na que está o home na súa nuda natureza, se ben ten unha posibilidade de saír dese estado, posibilidade que, en parte, radica nas súas paixóns e, en parte, na súa razón. As paixóns que inclinan ao home a buscar a paz son o medo á morte, o desexo de obter as cousas necesarias para vivir comodamente e a esperanza de que co seu traballo poda conseguilas. E a razón suxire convenientes normas de paz, baseándose nas cales os homes poden chegar a un acordo. Estas normas reciben o nome de leis de natureza.

Cuestións Texto:

1. ¿Que visión nos transmite o texto acerca da natureza humana?, ¿que aspectos positivos e negativos destacarías?, ¿despréndese do texto unha concepción optimista da natureza humana?
2. ¿Cal é a situación á que se ve arrastrado o home debido a súa natureza?, ¿que expresións utiliza Hobbes para describir ese estado no que se encontran os homes ao dar renda solta as súas paixóns?, ¿en esa situación pode existir a sociedade?
3. De todos xeitos, os homes vivimos en sociedade: ¿que ten que existir para que os homes podan vivir en sociedade?, ¿que pasaría se desaparecese ese requisito que fai posible a vida en sociedade?
4. ¿Que papel xogan as paixóns e a razón, segundo Hobbes?, ¿de que paixóns fala o texto?, ¿cal é o cometido da razón?, ¿que son as leis de natureza?